



Xoán Ramón Alvíte. Colaborador de *La Voz de Galicia*, especialista en gandería

Cumprir co prometido

► FAI FALTA ALGO MÁIS QUE UNHA BOA ANÁLISE DO SECTOR SE QUEREMOS QUE O FUTURO SEXA MELLOR DO QUE ESTÁ SENDO O PRESENTE

“**E**stou sorprendido de que a mellora do prezo en Europa non se traslade ao noso mercado”, “Ningún gandeiro debe recibir menos de 36 céntimos por litro de leite”, “Os custos de produción deberían ser unha referencia da que partir na negociación dos prezos”... Estas frases –publicadas en distintos medios de comunicación durante o último mes– son tan sensatas que puido dicilas calquera gandeiro. Se me apuran, diría que ata calquera persoa minimamente preocupada pola deriva actual do sector leiteiro. Con todo, os seus autores foron, por esta orde, o ministro de Agricultura, a presidenta da Inlac (esta, ademais, é gandeira) e o conselleiro do Medio Rural. Trátase de tres persoas coa suficiente representatividade nos seus respectivos eidos como para que as súas opinións deban ser tidas en conta e valoradas. Dende logo, todos os que defendemos a produción de leite como medio de vida destacamos esa claridade á hora de analizar a realidade do sector e firmariamos debaixo de semellantes afirmacións. No entanto, fai falta algo máis que unha boa análise do sector se queremos que o futuro sexa mellor do que está sendo o presente.

Tanto a Inlac coma a Consellería do Medio Rural, nos límites obvios das súas competencias, deben facer algo máis que unha análise e, dende logo, ao ministro de Agricultura, Luis Planas, hai que esixirlle bastante máis que o coñecemento da realidade. Como

pouco, hai que pedirlle a posta en marcha de medidas concretas para que cambie o que el mesmo entende que non é xusto. Se considera que os gandeiros españois deben cobrar igual ca os do resto de Europa (a afirmación resulta tan evidente que non precisa de máis comentarios) ten que facer algo para cambialo.

E refírome a algo máis que pedir-lles ás industrias que reflexionen –polo visto fíxoo hai un par de semanas en Logroño nunha xuntanza co comisario Hogan– sobre o prezo do leite. Con reflexionar, só con reflexionar, desconfío de se imos conseguir moito.

Tres anos e medio despois de que gandeiros, industrias, distribución e Ministerio (o seu Ministerio, señor Planas) asinasen o Acordo para a sostibilidade do sector lácteo, seguimos pedíndolle reflexión á industria? Non, señor ministro, isto non se arranxa con reflexión. Fai falta algo máis e vostede, se mo permite, está aí para iso.

Ás industrias hai que esixirlles que cumpran o prometido e que, literalmente, se resumía en “aplicar nos contratos, prezos e volumes de compra que, en concordancia coa evolución do mercado, contribúan á sostibilidade das explotacións”. Outro tanto pasa coa distribución que, aínda que menos, segue con prácticas que pouco axudan a un funcionamento equilibrado e razoable da cadea de valor do leite.

Así que, xa sabe, señor ministro, en análise saca vostede un sobresaliente; en traballo, vaille custar moito máis aprobar. ■